

A large, light purple, stylized number '2' with a drop shadow effect, positioned on the left side of the page. The number is composed of a thick, curved top section and a straight vertical stem that curves slightly at the bottom.

emprego

2.0. demografía

O

presente capítulo ten como obxectivo a análise da demografía como aspecto introductorio ó estudio do mercado de traballo.

Na primeira parte analizarase a distribución territorial da poboación a partir dos datos facilitados polo IGE e o INE. O Padrón Municipal de Habitantes con referencia a 1 de xaneiro de 1999 reflicte que a poboación galega nesa data era de 2.730.337 persoas, das que un 51,9% eran mulleres.

Atendendo ós datos do Padrón revisado a 1 de xaneiro de 1999, Galicia perde peso no conxunto do estado, xa que a poboación galega representa o 6,79% da total existente en España, fronte ó 6,84% do Padrón de 1998 ou o 6,91% do Padrón de 1996.

Entre as características máis importantes que se tiran da análise dos datos demográficos pódense salientar unha densidade de poboación superior á media española ou a dispersión ou

espallamento xeográfico do seu hábitat, reflectido no feito de que en Galicia hai un total de 29.947 entidades singulares de poboación, que supuñan o 48,9% do total de entidades de España.

Como se verá posteriormente, as provincias de A Coruña e Pontevedra concentran o 73,9% da poboación galega e o 84,2% dos concellos de máis de 10.000 habitantes, que é a delimitación para considerar un núcleo de localización como urbano ou non.

A segunda parte do capítulo céntrase no movemento natural da poboación e estudia indicadores como o número medio de fillos por muller, taxas de natalidade, mortalidade, crecemento vexetativo ou os títulos de familia numerosa. Para a realización do mesmo, utilízanse os datos da *Encuesta de fecundidad* e os datos do *Movimiento natural de la población* publicados polo INE, e os datos da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Como nota característica salienta o incremento do número medio de fillos por muller en 1999 e, trala ruptura da tendencia decrecente da taxa da natalidade en Galicia no ano 1999, o aumento da mesma no ano 2000 para situarse nos 7,17 nacementos por cada 1000 habitantes, fronte ós 6,93 nacementos do ano anterior.

Finalmente, analízase o problema das migracións estudando o saldo migratorio interior e o número de estranxeiros residentes, a partir dos datos do INE (*Estadística de variacións residenciales*) e do Ministerio del Interior (*Anuario estadístico de extranjería*).

Distribución territorial da poboación

Os datos revisados do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 1999 amosan que o número de habitantes en Galicia ascendeu a 2.730.337 habitantes, o que representa o 6,79% do total estatal. Comparado cos datos da revisión do Padrón a 1 de xaneiro do ano anterior, o número de habitantes medrou en 5.793 persoas, o que representa unha variación relativa do 0,2%.

Comparado co resto das comunidades autónomas, o **cadro C.2.1.** (*Poboación de dereito nas CC.AA 1998-99*) amosa que tódalas comunidades experimentan un crecemento da súa poboación, sendo Galicia unha das que menor variación relativa presentan. A taxa de crecemento experimentado na comunidade galega supera tan só á amosada polo País Vasco e por Castela e León, cun crecemento do 0,1%.

En termos de densidade de poboación, Galicia presenta unha densidade superior á media estatal, con 92,32 habitantes por quilómetro cadrado (75,05 habitantes/km² no conxunto do estado). Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a oitava comunidade en termos de densidade de poboación.

A Coruña e Pontevedra son as provincias galegas máis poboadas, con 1.108.980 e 908.803 habitantes, respectivamente. Xuntas concentran

o 73,90% da poboación galega, porcentaxe similar á rexistrada no ano anterior, 73,87%. Tal e como reflicte o devandito **cadro C.2.1.**, a provincia de Lugo foi a única que rexistrou un descenso da súa poboación, que pasa dos 367.751 habitantes a 1 de xaneiro de 1998 ós 366.934 habitantes a 1 de xaneiro de 1999 (un 0,2% menos). Pola contra, a provincia de Ourense experimenta un crecemento do 0,4%, ata chegar ós 345.620 habitantes.

Como se pode apreciar no devandito cadro, as provincias de Pontevedra e A Coruña teñen unha densidade poboacional moi superior á media de España (202,2 e 139,5 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente), en tanto que Ourense e Lugo presentan unha densidade moi inferior á media, con 35,1 e 50,5 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente.

Atendendo á **distribución comarcal**, os **cadros 2.0.1., 2.0.2., 2.0.3. e 2.0.4.** amosan un aumento da poboación en quince das 53 comarcas galegas: Barbanza, Bergantiños, A Coruña e Santiago, na provincia de A Coruña; Lugo e A Mariña Occidental, na provincia de Lugo; Ourense, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense; e O Baixo Miño, O Condado, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra.

Segundo reflicten os datos do padrón actualizado a 1 de xaneiro de 1999, prodúcese un aumento da concentración da poboación galega nas comarcas da Galicia occidental-costá. Así, estas 24 comarcas galegas (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegá, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, A Mariña Occidental e A Mariña Oriental, na provincia de Lugo; e o Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) acollen ó 69,5% da poboación galega, en tanto que as 29 comarcas restantes acollen ó 30,5%. Atendendo ós datos da revisión do padrón a 1 de xaneiro de 1998, esas porcentaxes eran do 69,1% e 30,9%, respectivamente.

CADRO 2.0.1.
Poboación de dereito das comarcas da provincia de A Coruña 1996-98

Comarcas	Padrón municipal 1/5/96 total	Revisión do Padrón a 1/1/98		Revisión do Padrón a 1/1/99			99/98		
		total	homes	mulleres	total	homes	mulleres	%	(total)
Arzúa	19.918	19.719	9.752	9.967	19.500	9.637	9.863	-1,11	-219
Barbanza	66.862	66.487	32.459	34.028	66.579	32.479	34.100	0,14	92
A Barcala	12.543	12.173	5.834	6.339	12.023	5.756	6.267	-1,23	-150
Bergantiños	71.225	70.588	34.652	35.936	70.888	34.776	36.112	0,43	300
Betanzos	39.619	39.308	18.984	20.324	39.213	19.001	20.212	-0,24	-95
A Coruña	347.605	350.446	166.343	184.103	354.520	168.477	186.043	1,16	4.074
Eume	29.260	28.992	14.369	14.623	28.944	14.357	14.587	-0,17	-48
Ferrol	167.396	166.592	79.561	87.031	165.744	79.147	86.597	-0,51	-848
Fisterra	26.326	25.747	12.571	13.176	25.609	12.478	13.131	-0,54	-138
Muros	17.205	16.785	8.053	8.732	16.534	7.934	8.600	-1,50	-251
Noia	38.752	38.166	18.408	19.758	37.754	18.179	19.575	-1,08	-412
Ordes	38.074	38.007	18.628	19.379	37.912	18.548	19.364	-0,25	-95
Ortega	18.049	17.688	8.559	9.129	17.392	8.377	9.015	-1,67	-296
Santiago	141.897	142.475	67.729	74.746	143.821	68.292	75.529	0,94	1.346
O Sar	18.826	18.156	8.739	9.417	18.082	8.699	9.383	-0,41	-74
Terra de Melide	15.390	15.035	7.569	7.466	14.930	7.514	7.416	-0,70	-105
Terra de Soneira	23.236	22.353	10.933	11.420	22.226	10.839	11.387	-0,57	-127
Xallas	18.119	17.608	8.626	8.982	17.309	8.453	8.856	-1,70	-299
Total	1.110.302	1.106.325	531.769	574.556	1.108.980	532.943	576.037	0,24	2.655

Fonte: JGE

CADRO 2.0.2.
Poboación de dereito das comarcas da provincia de Lugo 1996-99

Comarcas	Padrón municipal 1/5/96 total	Revisión do Padrón a 1/1/98		Revisión do Padrón a 1/1/99			99/98		
		total	homes	mulleres	total	homes	mulleres	%	(total)
Os Ancares	15.369	14.979	7.827	7.152	14.785	7.704	7.081	-1,30	-194
Chantada	18.247	17.709	8.700	9.009	17.415	8.564	8.851	-1,66	-294
A Fonsagrada	8.313	7.981	4.167	3.814	7.909	4.127	3.782	-0,90	-72
Lugo	109.897	111.055	53.014	58.041	111.698	53.342	58.356	0,58	643
A Mariña Central	30.975	30.638	14.756	15.882	30.461	14.663	15.798	-0,58	-177
A Mariña Occidental	28.192	28.081	13.731	14.350	28.157	13.792	14.365	0,27	76
A Mariña Oriental	17.732	17.662	8.411	9.251	17.618	8.383	9.235	-0,25	-44
Meira	7.181	7.043	3.458	3.585	6.948	3.407	3.541	-1,35	-95
Quiroga	7.994	7.656	3.750	3.906	7.582	3.711	3.871	-0,97	-74
Sarria	27.297	26.824	13.388	13.436	26.682	13.257	13.425	-0,53	-142
Terra Chá	50.425	49.636	24.437	25.199	49.560	24.385	25.175	-0,15	-76
Terra de Lemos	38.072	36.960	17.787	19.173	36.721	17.652	19.069	-0,65	-239
A Ulloa	11.990	11.527	5.630	5.897	11.398	5.550	5.848	-1,12	-129
Total	371.684	367.751	179.056	188.695	366.934	178.537	188.397	-0,22	-817

Fonte: JGE

CADRO 2.0.3.
Poboación de dereito das comarcas da provincia de Ourense 1996-99

Comarcas	Padrón municipal 1/5/96	Revisión do Padrón a 1/1/98		Revisión do Padrón a 1/1/99			99/98		
		homes	mulleres	total	homes	mulleres	%	(total)	
Allariz-Maceda	16.000	15.696	7.571	8.125	15.664	7.580	8.084	-0,20	-32
Baixa Limia	10.623	10.275	5.462	4.813	10.200	4.822	5.378	-0,73	-75
O Carballiño	31.200	30.566	14.440	16.126	30.480	14.370	16.110	-0,28	-86
A Limia	26.055	25.365	12.474	12.891	25.277	12.444	12.833	-0,35	-88
Ourense	139.189	140.219	66.354	73.865	141.978	67.178	74.800	1,25	1.759
O Ribeiro	21.489	21.002	9.864	11.138	20.966	9.816	11.150	-0,17	-36
Terra de Caldelas	5.019	4.887	2.429	2.458	4.753	2.362	2.391	-2,74	-134
Terra de Celanova	23.800	23.382	11.073	12.309	23.205	10.994	12.221	-0,76	-177
Terra de Trives	6.582	6.341	3.199	3.142	6.276	3.162	3.114	-1,03	-65
Valdeorras	28.728	28.736	14.208	14.528	29.021	14.364	14.657	0,99	285
Verín	29.496	29.161	14.429	14.732	29.418	14.543	14.875	0,88	257
Viana	8.728	8.540	4.308	4.232	8.382	4.209	4.173	-1,85	-158
Total	346.909	344.170	165.811	178.359	345.620	165.844	179.786	0,42	1.450

Fonte: JGE

CADRO 2.0.4.

Poboación de dereito das comarcas da provincia de Pontevedra 1996-99

Comarcas	Padrón municipal 1/5/96	Revisión do Padrón a 1/1/98			Revisión do Padrón a 1/1/99			99/98	
		Total	homes	mulleres	Total	homes	mulleres	%	(total)
O Baixo Miño	45.424	45.090	21.746	23.344	45.214	21.863	23.351	0,28	124
Caldas	35.831	35.514	17.000	18.514	35.456	16.971	18.485	-0,16	-58
O Condado	38.154	37.302	17.702	19.600	37.967	18.101	19.866	1,78	665
Deza	49.697	47.990	23.377	24.613	47.795	23.239	24.556	-0,41	-195
O Morrazo	78.248	78.736	38.661	40.075	79.102	38.851	40.251	0,46	366
A Paradanta	20.275	18.907	8.887	10.020	18.809	8.838	9.971	-0,52	-98
Pontevedra	114.714	113.944	54.017	59.927	114.145	54.098	60.047	0,18	201
O Sainés	103.178	103.456	50.245	53.211	103.808	50.395	53.413	0,34	352
Tabeirós-Terra de Montes	30.564	30.117	14.083	16.034	29.815	13.904	15.911	-1,00	-302
Vigo	399.019	395.242	188.663	206.579	396.692	189.297	207.395	0,37	1.450
Total	915.104	906.298	434.381	471.917	908.803	435.557	473.246	0,28	2.505

Fonte: IGE

CADRO 2.0.5.

Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 1998-99

	1998		1999		Concellos >10.000 habs.	
		(%/total provincial)		(%/total provincial)	1998	1999
A Coruña	722.440	65,3	777.289	70,1	25	25
Lugo	160.440	43,6	151.542	41,3	6	5
Ourense	144.733	42,1	146.844	42,5	4	4
Pontevedra	714.832	78,9	718.203	79,0	23	23
Total	1.742.445	64,0	1.793.878	65,7	58	57

Fonte: IGE

CADRO 2.0.6.

Poboación das sete grandes cidades 1998-99

	Padrón municipal 1/1/98	Revisión do Padrón a 1/1/99	99/98	
			%	(total)
Vigo	283.110	283.670	0,20	560
A Coruña	243.134	243.402	0,11	268
Ourense	107.965	109.120	1,07	1.155
Santiago	93.584	93.745	0,17	161
Lugo	86.620	87.480	0,99	860
Ferrol	82.548	81.991	-0,67	-557
Pontevedra	73.871	74.139	0,36	268
Total	970.832	973.547	0,28	2.715
total / total CA (%)	35,63	35,66	--	--

Fonte: INE

CADRO 2.0.7.

Número medio de fillos por muller 1995-99

	1995	1996	1997	1999
Galicia	0,94	0,92	0,92	1,05
España	1,18	1,17	1,18	1,07

Fonte: INE, Encuesta de Fecundidad

CADRO 2.0.8.

Taxas ⁽¹⁾ de nupcialidade, natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo en Galicia e España 1999-00 ⁽²⁾

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade		Crecemento vexetativo	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
A Coruña	4,62	4,73	6,92	7,28	10,84	10,50	-3,92	-3,23
Lugo	3,71	3,95	5,35	5,71	13,35	13,13	-8,00	-7,42
Ourense	4,26	4,25	5,40	5,35	13,35	12,96	-7,95	-7,62
Pontevedra	5,10	4,99	8,16	8,33	8,76	8,81	-0,60	-0,49
Total	4,61	4,65	6,93	7,17	10,80	10,60	-3,86	-3,42
España	5,23	5,26	9,58	9,91	9,40	9,00	0,19	0,92

(1) Tódalas taxas son por 1.000 habitantes

(2) 1999-2000 datos provisionais

Fonte: INE, *Movimiento natural de la población*

CADRO 2.0.9.

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 1999-00 ⁽¹⁾

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
A Coruña	5.096	5.215	7.631	8.016	11.948	11.572	-4.317	-3.556
Lugo	1.356	1.429	1.954	2.067	4.875	4.753	-2.921	-2.686
Ourense	1.449	1.452	1.838	1.828	4.543	4.433	-2.705	-2.605
Pontevedra	4.612	4.532	7.384	7.557	7.923	7.998	-539	-441
Total	12.513	12.628	18.807	19.468	29.289	28.756	-10.482	-9.288
España	206.048	209.854	377.809	395.756	370.423	359.148	7.386	36.608

(1) 1999-2000 datos provisionais

Fonte: INE, *Movimiento natural de la población*

A poboación galega residente en **núcleos de máis de 10.000 habitantes, cadro 2.0.5.**, ascendeu a 1.793.878 persoas, 51.433 habitantes máis que os sinalados no padrón anterior, o que significa que estes núcleos de poboación acollen o 65,7% da poboación galega (o 64% a 1 de xaneiro de 1998). A provincia de Lugo foi a única que experimentou un descenso da poboación residente nestes núcleos respecto ó padrón anterior, con 8.898 habitantes menos, mentres que no extremo oposto atópase a provincia de A Coruña, con 54.849 habitantes máis.

Nas provincias de Pontevedra e A Coruña o 79,0% e 70,1% da súa poboación reside nestes núcleos de máis de 10.000 habitantes, en tanto que nas provincias de Ourense e Lugo, estas porcentaxes ascenden a 42,5% e 41,3%, respectivamente.

O número de habitantes nos sete **grandes núcleos urbanos** de Galicia ascendeu a 973.547 persoas segundo a revisión do padrón a 1 de xaneiro de 1999, medrando en 2.715 persoas (un 0,3%) en relación ós datos da revisión do padrón

referidos ó 1 de xaneiro de 1998. En relación ó total da poboación galega, o 35,66% da mesma reside nestas sete cidades.

Tal e como reflicte o **cadro 2.0.6.**, a poboación aumenta en todos estes núcleos urbanos agás na cidade de Ferrol, onde a poboación descende en 557 persoas. Ó igual que acontecera no ano anterior, as cidades de Ourense e Lugo son as que presentan un maior crecemento no número de habitantes, con 1.157 e 860 persoas máis, respectivamente, que o 1 de xaneiro de 1998.

Movemento natural da poboación

Os datos da *Encuesta de fecundidad* do INE sinalan que en Galicia, ó contrario do acontecido en España, prodúcese un aumento do número medio de fillos por muller en 1999, que se sitúa en 1,05. En España o número medio de fillos por muller descende dende o 1,18 de 1997 ata os 1,07 de 1999 (**cadro 2.0.7.**).

O **cadro 2.0.8.** amosa que, trala ruptura da tendencia decrecente da **taxa da natalidade** en

Expedicións de títulos de familia numerosa 1999-00

	1999			2000		
	Títulos novos	Títulos renovados	Total	Títulos novos	Títulos renovados	Total
A Coruña	781	5.659	6.440	680	4.858	5.538
Lugo	246	1.617	1.863	201	1.405	1.606
Ourense	363	1.040	1.403	306	1.005	1.311
Pontevedra	777	5.277	6.054	800	4.676	5.476
Total	2.167	13.593	15.760	1.987	11.944	13.931

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, *Estadística de familias numerosas*

Galicia no ano 1999, esta aumenta no ano 2000 para situarse nos 7,17 nacementos por cada 1.000 habitantes, fronte ós 6,93 nacementos do ano anterior. En España o aumento da taxa de natalidade foi superior: situouse nos 9,91 nacementos por cada mil habitantes, fronte ós 9,58 nacementos por cada 1.000 habitantes do ano anterior.

Desagregando o estudio por provincias, Pontevedra é a que rexistra a maior taxa nos anos considerados (8,33 nacementos por cada mil habitantes no ano 2000), situándose ó longo dos mesmos por riba da media galega. Séguelle a provincia de A Coruña, con 7,28 nacementos por cada mil habitantes no ano 2000, e as provincias de Lugo e Ourense, cunha taxa de natalidade de 5,71 nacementos por cada mil habitantes e 5,35 nacementos, respectivamente. Comparado co ano anterior, o devandito cadro reflicte que a provincia de Ourense foi a única que sufriu un descenso da súa taxa de natalidade, pasando de 5,40 nacementos por cada mil habitantes en 1999 ós 5,35 do ano 2000.

En termos absolutos, **cadro 2.0.9.**, no ano 2000 naceron en Galicia un total de 19.468 nenos e nenas (661 nacementos máis que no ano anterior), o que representa o 4,9% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos en 1999, con 8.016 e 7.557 nacementos, respectivamente.

A **taxa de mortalidade** en Galicia no ano 2000 situouse nas 10,60 defuncións por cada mil habitantes (10,80 no ano anterior), fronte ás 9,00

defuncións por cada mil habitantes no conxunto do estado (9,40 defuncións no ano 1999). Este descenso rexistrouse nas provincias de A Coruña, Lugo e Ourense, mentres que na provincia de Pontevedra esta taxa medrou entre os anos 1999 e 2000. A pesares deste crecemento, Pontevedra é a provincia que presenta a menor taxa de mortalidade, con 8,81 falecementos por cada mil habitantes, mentres que Lugo e Ourense rexistran unhas taxas de mortalidade en torno ás 13 mortes por cada mil habitantes.

No ano 2000 producíronse en Galicia un total de 28.756 defuncións, 533 menos que no ano anterior, o que representa o 8% do total de decesos habidos en España no último ano. Por provincias, A Coruña contabilizou 11.572 falecementos, seguida de Pontevedra, con 7.998.

A evolución das taxas de natalidade e mortalidade explica a evolución do **crecemento vexetativo**, que ven recollido nos **cadros 2.0.8.** e **2.0.9.** Obsérvase que este é negativo en Galicia (-9.288) a diferenza do que acontece en España (36.608). As catro provincias galegas presentan un crecemento vexetativo negativo. O menor valor corresponde á provincia de Pontevedra (-411).

O **cadro 2.0.10.** recolle o número de títulos de **familia numerosa** expedidos, que ascendeu a 13.931 títulos (1.649 menos que no ano anterior), dos que 1.987 foron títulos novos. Atendendo á súa distribución provincial, as provincias de A Coruña e Pontevedra son as que concentran un maior número de títulos expedidos, con 5.538 e 5.476 títulos, respectivamente, o

CADRO 2.0.11.

Saldo migratorio interior nas CC.AA. 1998-99

	1998	1999
Andalucía	-7.506	-7.995
Aragón	-486	-633
Asturias	-2.305	-2.094
Baleares	9.979	10.931
Canarias	8.945	8.271
Cantabria	1.275	1.626
Castela e León	-4.608	-5.808
Castela-A Mancha	2.210	3.054
Cataluña	-2.896	-1.737
C. Valenciana	8.364	10.489
Extremadura	-2.028	-2.242
Galicia	-3.574	-5.138
Madrid	-7.424	-8.420
Murcia	1.933	1.865
Navarra	1.259	1.391
País Vasco	-4.591	-5.139
A Ríoxa	573	1.058
Ceuta e Melilla	880	521

Fonte: INE, Estadística de variaciones residenciales

CADRO 2.0.12.

Estranxeiros residentes nas CC.AA 1999-00

	1999		2000	
		(CA / total) %		(CA / total) %
Andalucía	109.129	13,6	132.428	14,8
Aragón	15.449	1,9	17.590	2,0
Asturias	9.522	1,2	9.519	1,1
Baleares	38.959	4,9	45.772	5,1
Canarias	68.347	8,5	77.594	8,7
Cantabria	4.546	0,6	5.388	0,6
Castela-A Mancha	12.739	1,6	15.835	1,8
Castela e León	22.908	2,9	24.338	2,7
Cataluña	183.736	22,9	214.996	24,0
C. Valenciana	80.594	10,1	86.994	9,7
Extremadura	9.784	1,2	10.508	1,2
Galicia	22.523	2,8	24.141	2,7
Madrid	158.885	19,8	162.985	18,2
Murcia	16.319	2,0	22.823	2,5
Navarra	8.131	1,0	11.002	1,2
País Vasco	18.622	2,3	18.822	2,1
A Ríoxa	4.768	0,6	5.915	0,7
Ceuta e Melilla	6.477	0,8	5.574	0,6
erros en CC.AA.	9.891	1,2	3.496	0,4
Total	801.329	100	895.720	100

Fonte: INE, Estadística de variaciones residenciales

que supón que ámbalas dúas provincias acollen ó 79,1% do total de títulos de familia numerosa expedidos.

Migracións

O **cadro 2.0.11.**, que reflicte o saldo migratorio interior das distintas comunidades autónomas, amosa que 9 comunidades (Andalucía, Aragón, Asturias, Castela e León, Cataluña, Extremadura, Galicia, Madrid e País Vasco) presentan un saldo migratorio negativo. Galicia, que en 1994 era un receptor neto, en 1999 é a

quinta comunidade con maior saldo migratorio interior negativo (-5.138).

No concernente ó número de residentes procedentes doutros países, en 2000 había en Galicia un total de 24.141 estranxeiros, 1.168 residentes máis que no ano anterior. Comparado co total estatal, Galicia acolle ó 2,7% dos residentes estranxeiros en España en 2000, fronte ó 2,8% do ano anterior. ■

